



Reparto máscaras e protocolos de actuación

O concello vén de anunciar dende a semana pasada o reparto de 15.000 máscaras para toda a veciñanza de Mos. Este reparto estase facendo por parte de traballadores, voluntarios e incluso concelleiros/as.

Neste reparto dende o BNG observamos varias irregularidades e cousas a mellorar:

- En primeiro lugar cremos que non é necesario na maioría dos casos entregar as máscaras en man, poden ser depositadas na caixa de correos evitando así o contacto cos veciños/as e eliminando risco de contaxio.
- Así mesmo nesa entrega de máscaras deberíase incluír unha nota coas instrucións de uso e como hixienizalas para a súa reutilización.

Outro fenómeno que estamos a observar e que debería ser corrixido é o modo de actuación na entrega de material, reparto de comida, etc.

- Cun afán innecesario de facer reportaxes fotográficas ou de vídeo, estanse incumprindo os protocolos establecidos polo ministerio de sanidade en canto a distanciamento social e de outra índole para evitar contaxios.
- Se se da un repaso pola páxina web do concello vense multitude de exemplos gráficos do incumprimento dos protocolos.
- Polo tanto solicitamos que se extremen as medidas de seguridade e o cumprimento efectivo dos protocolos de seguridade para evitar contaxios. Non só para protexer a veciñanza coa que se está en contacto se non tamén para seguridade dos traballadores/as municipais e os voluntarios/as.

Gustavo Barcia Seijo
Portavoz Municipal do BNG de Mos